



O CONCELLO DE NIGRÁN REPARA O ACCESO A PRAIA AMÉRICA DETERIORADO POLA ACCIÓN DO RÍO MUÍÑOS

Nigrán, 21/03/16.- O Concello de Nigrán comezou hoxe as obras de reparación do acceso a Praia América, deteriorado pola acción do río Muíños e os continuos temporais que azoutaron a zona durante o inverno. A actuación, que concluirá mañá, contempla a reparación da pasarela e o valo, ademais da colocación de dous bancos para o espaxamento dos viandantes. Este tramo do paseo forma parte do sendeiro azul que discorre polo ecosistema dunar entre Praia América e Panxón. Con esta intervención, o Concello pretende así contribuír a recuperar o litoral nigranés, dotar a este espazo dunha zona pola que os transeúntes poidan camiñar e desfrutar da duna sen que esta se vexa afectada, así como incidir na seguridade dos cidadáns.